



## REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO DEPARTAMENTO DE CIENCIAS DA COMPUTACIÓN E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN

**Aprobado polo Consello de Goberno do 29/10/2020**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O presente regulamento vén dar cumprimento ao disposto no artigo 9.3 dos Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26 de maio) e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG do 17 de outubro) e no Regulamento marco de departamentos, aprobado polo Consello de Goberno o 23 de novembro de 2016 e modificado na sesión do 29 de xuño de 2017.

A regulación do réxime de funcionamento e organización do Departamento de Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información fica enmarcada na normativa aplicable á Universidade da Coruña, en concreto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro de universidades e no Decreto 101/2004 da Xunta de Galicia, que aproba os Estatutos da Universidade da Coruña, e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG do 17 de outubro), así como pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE do 2 de outubro) e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (BOE do 2 de outubro), naqueles aspectos que se recollen na presente normativa, que son de obrigado cumprimento ou que con carácter subsidiario foren de aplicación.

### TÍTULO PRELIMINAR. DO ÁMBITO E DO RÉXIME XURÍDICO DE APLICACIÓN

#### Artigo 1. Obxecto do regulamento

O presente regulamento establece e regula o funcionamento e a organización do Departamento de Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información.

#### Artigo 2. Ámbito de aplicación

O presente regulamento será de aplicación ao Departamento de Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información da Universidade da Coruña, constituído por seccións departamentais e, consecuentemente, será de obrigado cumprimento para todos os seus compoñentes en canto membros seus.

#### Artigo 3. Réxime xurídico

1. O Departamento de Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información rexeráse pola Lei orgánica de universidades, polas normas que emanen dos correspondentes órganos do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio das súas respectivas competencias, polos Estatutos da Universidade da Coruña e as súas normas de desenvolvemento e, finalmente, polo presente regulamento de réxime interno.
2. En defecto do establecido no presente regulamento aplicarase a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE do 2 de outubro) e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (BOE do 2 de outubro).
3. Contra as resolucións e acordos dos órganos unipersoais ou colexiados do departamento, poderase formular un recurso de alzada no prazo dun mes ante o reitor, cando se trate de resolucións do/a director/a, e ante o Consello de Goberno, cando se traten de acordos do Consello de Departamento, cuxa decisión esgotará a vía administrativa e será impugnabile ante a xurisdición contencioso-administrativa de conformidade coa lei reguladora desta xurisdición.



## TÍTULO I. NATUREZA E FUNCIÓNS

### Artigo 4. Natureza

O Departamento de Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información é o órgano encargado de coordinar o ensino das seccións departamentais e áreas de coñecemento que o integran, nos correspondentes centros en que ten encargada docencia, de acordo coa programación docente da Universidade.

### Artigo 5. Funcións

Son funcións do departamento, segundo están recoñecidas nos actuais Estatutos vixentes da Universidade da Coruña, e no Regulamento marco dos departamentos, aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 23 de novembro de 2016:

- a) Organizar e desenvolver, nos diferentes ciclos dos estudos universitarios, o ensino propio das áreas de coñecemento da súa competencia.
- b) Apoiar as actividades e iniciativas docentes e investigadoras do persoal adscrito ás seccións departamentais e áreas de coñecemento da súa competencia.
- c) Segundo se recolle no artigo 32.2, apartados *b* e *d*, dos Estatutos da Universidade da Coruña, son función propias do Departamento as seguintes: programar as súas actividades docentes e eventualmente investigadoras, elaborar o seu plan de organización docente e propor os programas de doutoramento; tamén, organizar cursos ou estudos de posgrao ou especialización dentro do seu ámbito de competencia.
- d) Contratar con entidades públicas ou privadas, ou con persoas físicas, a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico, así como o desenvolvemento de cursos de especialización.
- e) Participar na elaboración de plans de estudo, no procedemento de selección do persoal docente e investigador e nos procesos de avaliación da calidade institucional.
- f) Calquera outra que lles asignaren as disposicións legais vixentes e os Estatutos.

## TÍTULO II. DA ORGANIZACIÓN DO DEPARTAMENTO

### CAPÍTULO I. DA ESTRUTURA DO DEPARTAMENTO

#### Artigo 6. Persoal pertencente ao Departamento de Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información

O Departamento de Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información agrupa o persoal docente e investigador, funcionario e contratado, bolseiros/as, estudantes e o persoal de administración e servizos que estean adscritos a el.

#### Artigo 7. Adscrición do profesorado

A adscrición do profesorado ao Departamento farase atendendo á convocatoria de cada praza. Tamén poderán estar adscritos ao Departamento docentes doutra universidade en comisión de servizos segundo acordo do Consello de Goberno, e os profesores eméritos desta Universidade.



## Artigo 8. Seccións departamentais e grupos de investigación

O Departamento fomentará a constitución de seccións departamentais e tamén a creación de grupos de investigación en que participe o seu PDI. As relacións entre o Departamento e as seccións departamentais, así como os grupos de investigación en que participen os seus membros, acomodaranse ás relacións de boa práctica e eficiencia e ás normativas e regulamentacións dos órganos competentes.

## CAPÍTULO II. DO GOBERNO DO DEPARTAMENTO

### Artigo 9. Órganos de goberno do Departamento

Para o goberno, representación e administración do Departamento establécense os seguintes órganos:

- a) Colexiados:
  - Consello de Departamento
  - Comisión Permanente do Consello do Departamento
- b) Unipersoais:
  - Director/a de departamento
  - Secretario/a de departamento.

## SECCIÓN PRIMEIRA. DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

### Artigo 10. Consello de Departamento. Concepto

O Consello de Departamento é o órgano colexiado de goberno do departamento.

### Artigo 11. Composición do Consello de Departamento e outras cuestións

1. O Consello de Departamento comporase:
  - a. Do/a director/a, que o presidirá e convocará, e do/a secretario/a.
  - b. Todos os doutores vinculados por relación funcional, laboral ou bolsreira á Universidade e todos os profesores e axudantes sen título de doutor e a tempo completo integrados no Departamento segundo o artigo 33.b dos Estatutos da Universidade da Coruña.
  - c. Unha representación do profesorado a tempo parcial e do persoal investigador en formación que colabore na docencia e, de ser o caso, das persoas lectoras integradas no departamento, que suporá un 5%.
  - d. Unha representación do estudiantado, equivalente ao 28% do número total de membros do consello, dos cales o 40% corresponderán a estudantes de doutoramento, no caso de que haxa un ou varios programas de doutoramento.
  - e. Un representante do persoal de administración e servizos adscrito ao departamento. No caso de departamentos atendidos mediante unidades de apoio á docencia e investigación (UADI), para a designación do seu representante do sector D deberán realizarse eleccións entre os seus membros cando o número de candidaturas presentadas sexa superior a un.
2. Os representantes no Consello de Departamento serán elixidos por un período de dous anos.
3. A determinación do número de representantes que corresponde a cada sector será realizada



pola Secretaría Xeral coa aprobación do censo definitivo, segundo as proporcións sinaladas para tal fin.

4. En caso de vacante de representantes no prazo máximo dun mes a Secretaría Xeral comunicará ao departamento en cuestión, un novo censo actualizado para cubrir as baixas coas persoas candidatas que no último proceso electoral obtivesen un maior número de votos en cada sector sen acadaren representación. Se noa as houber, os postos serán cubertos no seguinte proceso electoral, tras a expiración do mandato do Consello de Departamento.
5. Nos supostos de incremento do número do profesorado funcionario dos corpos docentes universitarios ou de todas as categorías de persoal docente e investigador contratado integrados no departamento, e a súa incorporación ao Consello de Departamento, así como a do resto de membros cuxa porcentaxe dependa daqueles, deberase proceder segundo dispoña o regulamento electoral xeral.

## Artigo 12. Competencias do Consello de Departamento

Son competencias do Consello de Departamento:

- a) Elixir o/a director/a e, se for o caso, revogalo/a.
- b) Programar as actividades docentes e investigadoras do departamento, elaborar o seu plan de organización docente e propor os programas de doutoramento de acordo coa escola de doutoramento.
- c) Formular as demandas do persoal docente e investigador.
- d) Propor cursos ou estudos de posgrao, doutoramento ou especialización dentro do seu ámbito de competencia, así como tomar todos os acordos, relativos a eles, que estatutariamente ou regulamentariamente se lle asignen.
- e) Solicitar a convocatoria a concurso das prazas vacantes do persoal docente e investigador, fixando o perfil das tarefas docentes asignadas, e participar na selección e contratación do persoal docente e investigador, segundo a normativa vixente.
- f) Propor nomeamentos de doutores/as *honoris causa* e profesorado emérito.
- g) Aprobar a distribución do orzamento anual do departamento e a súa execución.
- h) Elaborar o regulamento de réxime interno do departamento.
- i) Informar as solicitudes de realización de congresos e xornadas científicas.
- j) Calquera outra competencia que lle for asignada polas disposicións legais vixentes e polos Estatutos.

## Artigo 13. Funcionamento do Consello de Departamento

Segundo o disposto no artigo 17.1 da Lei 40/2015, establécese que o Consello de Departamento, como órgano colexiado, se poderá constituír, convocar, realizar sesións, adoptar acordos e remitir actas, tanto de forma presencial como a distancia.

1. O Consello de Departamento reunirse en sesión ordinaria, cantas veces sexa necesario



e, ao menos, dúas veces ao ano, e sempre que o/a director/a o convoque por propia iniciativa, por acordo da Comisión Permanente ou por solicitude de, ao menos, un quinto dos seus membros, en cuxo caso a sesión se realizará nos quince días seguintes ao de recepción da solicitude.

2. A orde do día das sesións será fixada polo/a director/a e nela deberán figurar os puntos acordados pola Comisión Permanente ou solicitados polo menos por un quinto dos membros do Consello de Departamento. En tal caso, eses puntos incluíranse na primeira sesión que se convoque, sempre que se solicítase antes de ter enviada a convocatoria.
3. A convocatoria será efectuada polo/a secretario/a do departamento, por orde do/a director/a ou de quen legalmente o substitúa. Esta convocatoria incluírá a data, hora e lugar de realización da sesión, así como a orde do día. No caso de convocatorias a distancia, as comunicacións faranse mediante o correo electrónico da Universidade, utilizando os enderezos de correo electrónico oficiais dos membros do Departamento. As citacións das convocatorias ordinarias serán cursadas polo/a secretario/a, coa antelación suficiente para que todos os membros a reciban dous días antes de que teña lugar a sesión, e debe incluír unha orde do día explícita, que incluírá necesariamente puntos relativos á aprobación de actas, suxestións e preguntas. As citacións levaranse a cabo mediante notificación en soporte informático con garantías da súa recepción.
4. Cando a natureza dos asuntos que se foren tratar así o requira, a xuízo do/a director/a, poderanse convocar ás sesións do pleno ou, se for o caso, ás dalgunha comisión ás persoas que se estime necesario, con voz mais sen voto.
5. As sesións extraordinarias do Consello de Departamento están sometidas aos mesmos requirimentos que as ordinarias, coa excepción de que a súa convocatoria pode facerse con só un día hábil de antelación, e para o tratamento de puntos de inaprazable consideración. Non se incluírán na orde do día os puntos relativos á aprobación de actas, informes ou suxestións e preguntas.

#### Artigo 14. Constitución

Para a válida constitución do Consello de Departamento, para os efectos de realización de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza do/a director/a e do/a secretario/a ou, se for o caso, de quen os substitúa, e a da metade, ao menos, dos seus membros incluíndo o/a director/a e secretario/a. De non acadarse este quórum, o Consello de Departamento poderá constituírse coa mesma validez en segunda convocatoria, coa presenza da cuarta parte dos seus membros incluídos o/a director/a e secretario/a, e en todo caso, a do/a director/a e do/a secretario/a ou, se for o caso, de quen os substitúa.

#### Artigo 15. Asistencia e desenvolvemento das sesións

1. A asistencia ás sesións dos órganos colexiados da Universidade é un dereito e un deber dos membros que os integran.
2. A condición de membro dun órgano colexiado é persoal e non delegable.
3. Toda ausencia poderá xustificarse por escrito, en formato papel ou electrónico, con anterioridade á sesión en que se produza ante o/a secretario/a do departamento.
4. A lectura das actas poderase omitir sempre e cando estivesen á disposición dos membros do Consello de Departamento con, polo menos, catro días hábiles de antelación.



5. Ás sesións só poderán asistir os seus respectivos membros, agás no caso recollido no artigo 13.4.
6. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, agás que estean presentes todos os membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría dos asistentes.

#### Artigo 16. Votacións e adopción de acordos

1. As votacións poderán realizarse por asentimento por proposta do/a director/a do departamento, a man alzada, públicas por chamamento ou secretas. O/a director/a do departamento decidirá a utilización dunha ou doutra modalidade. Porén, a votación secreta poderá ser empregada cando o acordo que se deba adoptar tiver carácter persoal ou por requirimento dalgún dos membros. Considéranse adoptados os acordos por asentimento cando as propostas sometidas ao Consello non susciten oposición de ningún membro deste e non requirise outra forma de votación ningún membro.
2. O Consello adoptará os seus acordos por maioría de votos afirmativos fronte aos negativos, sen ter en conta as abstencións, agás naqueles supostos en que se esixa legal ou regulamentariamente maioría absoluta ou cualificada.
3. En caso de empate nos resultados dunha votación decidirá o/a director/a ou quen o substitúa co seu voto de calidade.
4. Non poderán someterse a votación aquelas cuestións que non estiveren especificadas en cada punto da orde do día e en relación directa con elas. Tampouco se poderán tomar acordos dentro dos apartados da orde do día correspondentes a “Informes” e “Suxestións e preguntas”.
5. Iniciada unha votación, esta non poderá interromperse.

#### Artigo 17. Actas

1. De cada sesión que teña lugar do Consello de Departamento o/a secretario/a redactará a acta, que especificará necesariamente a relación de asistentes e ausentes que achegasen xustificación, a orde do día da reunión, as circunstancias do lugar e tempo en que tivo lugar, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos e a forma en que estes se adoptaron.
2. Poderanse gravar as sesións que realice o órgano colexiado. O ficheiro resultante da gravación, xunto coa certificación expedida polo secretario ou secretaria da súa autenticidade e integridade, e cantos documentos en soporte electrónico se utilizasen como documentos da sesión, poderán acompañar a acta das sesións, sen necesidade de facer constar nela os puntos principais das deliberacións. Neste caso, deberanse conservar de forma que se garanta a integridade e autenticidade dos ficheiros electrónicos correspondentes e o acceso a eles por parte dos membros do Consello.
3. Na acta figurará, por solicitude dos respectivos membros do Consello de Departamento, o voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que a xustifiquen ou o sentido do seu voto favorable. Así mesmo, calquera membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que achegue no acto ou no prazo que sinala o/a director/a, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, o cal se fará así constar na acta ou se unirá copia a



ela.

4. Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito no prazo de dous días, que se incorporará ao texto aprobado.
5. Cando os membros do órgano voten en contra ou se absteñan e o fagan constar na acta, quedarán exentos da responsabilidade que, se for o caso, puidese derivarse dos acordos.
6. As actas aprobaranse na mesma ou na seguinte sesión, mais o/a secretario/a poderá emitir unha certificación sobre os acordos específicos que se adoptasen, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta.

### Artigo 18. Comisión Permanente do Consello de Departamento

1. A Comisión Permanente terá competencias delegadas do Consello de Departamento.
2. A composición da Comisión Permanente será a seguinte:
  - a) O/a director/a do departamento, que actuará como presidente/a da comisión.
  - b) O/a secretario/a do departamento, que actuará como secretario/a da comisión.
  - c) Cando menos tres profesores/as do departamento, sendo un de cada unha das seccións departamentais do departamento e das áreas adscritas ao departamento. No caso de seren coincidentes as sección e as áreas, será un profesor/a de cada unha delas.
  - d) Un representante dos estudantes membros do Consello de Departamento.
  - e) Un representante do persoal de administración e servizos adscrito ao departamento.
3. As competencias da Comisión Permanente son:
  - a) Elaborar a proposta do plan de organización docente para a súa aprobación polo Consello de Departamento.
  - b) Elaborar a memoria económica anual para a súa presentación ao Consello.
  - c) Propoñer ao director/a a introdución dos puntos que considere convenientes na orde do día das xuntanzas do Consello de Departamento. Para este punto requírese o acordo de cando menos dous terzos dos membros da Comisión Permanente.
  - d) Designar cantas subcomisións ou relatorios considere oportunas para o desenvolvemento das súas funcións.
  - e) Manifestarse en todos aqueles asuntos que sexan sometidos á súa consideración polo director/a do departamento.
  - f) Calquera outro asunto de trámite ou calquera outro que lle sexa delegado expresamente polo Consello de Departamento.
4. No seu funcionamento rexerase polas normas que no seu momento estableza o Consello



de Departamento.

5. Para a súa renovación seguiranse os criterios que estableza o Consello de Departamento.

### Artigo 19. Comisións do departamento

1. O Consello de Departamento, para os efectos do seu mellor funcionamento ou actuación, poderá constituír comisións con carácter de apoio ou asesoramento e que non terán capacidade decisoria, senón que deberán remitir todas as propostas que se adopten á Comisión Permanente ou ao Consello de Departamento, que decidirán en última instancia.
2. As comisións estarán compostas polos membros do Consello de Departamento designados por este. A súa renovación levarase a cabo segundo os criterios que estableza o Consello de Departamento, tanto no que respecta á composición, como na periodicidade da súa renovación.
3. As funcións que correspondan a cada comisión serán asignadas polo Consello de Departamento.
4. Para o seu funcionamento e adopción de acordos, rexeranse polas normas establecidas para o Consello de Departamento no presente regulamento.

## SECCIÓN SEGUNDA. DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS

### Artigo 20. Do/a director/a do departamento

1. O/a director/a do Departamento de Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información ten a representación deste e exerce as súas funcións de dirección e xestión ordinaria.
2. O/a director/a do Departamento de Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información é nomeado/a polo reitor logo de elección polo Consello de Departamento entre o seu profesorado doutor con vinculación permanente á Universidade e dedicación a tempo completo (segundo os artigos 23.2 e 45.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña).
3. De non se poder efectuar o nomeamento do/a director/a do departamento por falta de candidatos/as que reúnan os requirimentos esixidos, unha vez oído o Consello de Departamento, o reitor encargarlle provisionalmente as funcións de dirección a un/unha dos/as profesores/as do departamento.
4. A duración do mandato será de catro anos e só se poderán presentar a unha única elección consecutiva
5. Os/as directores/as de departamento cesarán nas súas funcións ao final do seu mandato, por pedimento propio, por causa legal sobrevida ou como consecuencia dunha moción de censura aprobada nos termos que regulamentariamente se establezan.
6. A elección do/a director/a de departamento rexerase polo correspondente regulamento elaborado e aprobado polo Consello de Goberno.
7. O Consello do Departamento a petición, como mínimo, dun terzo dos seus membros poderá someter a moción de censura ao/a director/a. A dita moción deberá propor un





candidato/a alternativo/a e será aprobada no caso de obter maioría absoluta dos membros do Consello. Para tal efecto, o director/a convocará, nun prazo non superior a vinte días naturais dende a data de recepción do escrito en que se presenta a moción de censura, unha reunión extraordinaria do Consello de Departamento. Esta reunión, que terá ese asunto como único punto da orde do día, será presidida polo profesor, membro do Consello de Departamento, de máis idade. En ningún caso poderá presidila o/a director/a do departamento. Se a moción de censura non acadase os votos necesarios, considerarase rexeitada e os seus asinantes non poderán presentar outra durante o mesmo mandato.

8. En caso de ausencia ou enfermidade do/da director/a, este/a será substituído polo/a profesor/a doutor/a, pertencente ao profesorado doutor con vinculación permanente á Universidade e dedicación a tempo completo (artigos 23.2 e 45.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña), que el/ela mesmo designe, ou, de non terse feita a dita designación, polo/a profesor/a do departamento doutor con vinculación permanente á Universidade e dedicación a tempo completo (artigos 23.2 e 45.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña), de maior categoría e maior antigüidade no corpo, agás do/da secretario/a.

### Artigo 21. Funcións do/a director/a do departamento

Correspóndelle ao/á director/a de departamento:

- a) Exercer a representación do departamento.
- b) Presidir e convocar o Consello de Departamento, executar os seus acordos e velar polo seu cumprimento.
- c) Dirixir, coordinar e supervisar as actividades do departamento.
- d) Coordinar coa UADI correspondente a atención ás necesidades administrativas e de xestión do departamento.
- e) Organizar e coordinar, de conformidade co Consello de Departamento, os medios persoais e materiais dos que se dispuxese do modo máis axeitado para cumprir os obxectivos investigadores e docentes.
- f) Promover contratos, de acordo co previsto na lei e nos Estatutos.
- g) Executar as previsións orzamentarias.
- h) Propor ao reitor o nomeamento dunha persoa, de entre o profesorado e axudantes do departamento, como secretario/a do departamento.
- i) Formar parte das comisións de selección do persoal docente e investigador contratado, das prazas adscritas ao departamento
- j) Calquera outra que lle atribúan as disposicións legais vixentes e os Estatutos.

### Artigo 22. Secretario/a de departamento

1. O/a secretario/a do departamento será nomeado polo reitor, por proposta do/a director/a do departamento de entre o profesorado e axudantes do departamento.
2. O/a secretario/a redactará as actas das sesións, custodiará a documentación e expedirá certificacións.



3. Exercerá, así mesmo, calquera outra función que lle delegue o/a director/a de departamento ou que lle encomenden as disposicións legais vixentes e os Estatutos da Universidade da Coruña.
4. Os/as secretarios/as de departamento cesarán por pedimento propio, por causa legal sobrevida ou por decisión do reitor, por proposta do/a director/a do departamento.
5. En caso de ausencia, vacante ou enfermidade, o/a secretario/a será substituído/a polo membro do consello que decida o/a director/a, que reúna na súa persoa a condición de profesor/a ou axudante.

## SECCIÓN TERCEIRA. DAS SECCIÓNS DEPARTAMENTAIS

### Artigo 23. Creación

En consonancia co procedemento marcado polo Regulamento marco de departamentos, calquera grupo de profesores que dexese constituírse en sección departamental deberá solicitar un informe positivo ao departamento en que figure adscrito. Na solicitude de adscrición deberase propoñer unha denominación que sexa o máis precisa posible respecto do grupo solicitante.

Na solicitude dese informe o grupo de profesores implicados debera xustificar o interese da creación de esa sección departamental por razóns xeográficas, tamaño, área de coñecemento ou afinidade de ámbitos de investigación ou de docencia. Na mesma solicitude deberá achegarse a listaxe de todo o profesorado implicado na sección departamental, que deberá mostrar o seu compromiso coa solicitude asinando o documento. Por último, na mesma solicitude asinada por todos os profesores do grupo, deberá indicarse que persoa, que deberá ter vinculación permanente, actuará como responsable da sección departamental.

### Artigo 24. Organización

De conformidade co Regulamento marco de departamentos:

1. Non se esixirá un número mínimo de profesorado permanente para a creación de sección departamentais se ben cada sección debe constituírse cun mínimo de tres membros segundo o artigo 20.1. da Lei 40/2015 e 14.1 do Regulamento marco de departamentos. Porén, só terán dereito á redución prevista no parágrafo seguinte os coordinadores ou coordinadoras daquelas seccións departamentais que agrupen, como mínimo, dez PDI permanentes a tempo completo, incluíndo quen teña compromiso de permanencia.
2. De entre o PDI adscrito á sección e por proposta desta, o Consello de Departamento nomeará unha persoa responsable que terá dereito a unha redución da súa carga docente segundo a normativa que estableza a universidade en cada momento. A normativa presente establece que ese desconto será con cargo á bolsa de horas xestionada polo centro en que imparta docencia.
3. Á proposta da maioría dos membros da sección departamental, cambiarase o seu coordinador, logo da aceptación do Consello de Departamento, aínda que sempre cumprindo coa presente normativa, no artigo 24.2.

### Artigo 25. Adscrición do profesorado a seccións departamentais xa creadas

Calquera persoa poderá darse de baixa en calquera momento dunha sección departamental. Simplemente terá que comunicar esa baixa mediante un escrito dirixido ao responsable da sección departamental e a dirección do departamento. Porén, durante o curso académico en que



teña lugar a baixa, esa persoa manterá o seu POD que non se verá afectado pola baixa na sección departamental.

A inclusión dunha nova persoa nunha sección departamental xa creada requirirá a comunicación desa inclusión mediante un escrito á dirección do departamento. Ese escrito deberá ir asinado pola persoa en cuestión e por quen sexa responsable da sección departamental.

As altas e baixas de persoas nas seccións departamentais poden facer solicitar a eliminación das propias seccións por acordo do Consello do Departamento.

## Artigo 26. Competencias das seccións departamentais

De conformidade co Regulamento marco de departamentos, cada sección departamental exercerá, as competencias seguintes:

- a) Propor ao Consello o Plan de organización docente (POD) correspondente ao PDI adscrito á sección.
- b) Propor ao Consello de Departamento as convocatorias de prazas de PDI correspondentes á sección, de acordo co que está disposto nos artigos 81 a 84 dos Estatutos. A proposta de convocatoria incluirá, en todo caso, por parte da comisión xulgadora que lle corresponde, o perfil e a categoría da praza.
- c) O Consello de Departamento poderá delegar nas seccións departamentais outras funcións relativas á organización de materias e profesorado da sección.

No caso do profesorado non adscrito a unha sección departamental, as competencias previamente expostas neste artigo serán asumidas polo Consello de Departamento, que as resolverá por proposta do seu director, e tendo en conta as áreas que integran o departamento e os grupos de investigación recoñecidos polo propio departamento.

## TÍTULO IV. DA ACTIVIDADE DOCENTE

### Artigo 27. Principios xerais

1. O departamento promoverá como un dos seus obxectivos fundamentais impartir unha docencia de calidade dirixida á formación integral e crítica do estudiantado e á preparación para o exercicio de actividades profesionais.
2. A docencia é un dereito e un deber do PDI do departamento aos que o Consello de Departamento lles asigne docencia. Será impartida baixo os principios de liberdade e responsabilidade, de acordo coa programación docente e os fins xerais da Universidade da Coruña.
3. O departamento é o responsable da docencia de acordo cos plans de estudos das distintas titulacións en que imparta o seu ensino e o plan de ordenación docente aprobado polo Consello de Goberno.
4. O departamento está obrigado a garantir o ensino adscrito á área ou áreas de coñecemento que o integran. En caso necesario, o Consello de Departamento ou a Comisión Permanente arbitrarán as medidas oportunas que garantan a docencia ante situacións de urxencia.

### Artigo 28. Organización docente



1. O Consello de Departamento deberá, polo menos:
  - a. Aprobar e publicar as guías docentes das materias ao seu cargo.
  - b. Distribuír e asignar as tarefas docentes entre o profesorado. A repartición da carga docente farase de maneira equitativa entre todo o profesorado, tendo en conta a súa categoría e cualificación, dedicación e outras actividades en relación coas necesidades docentes e investigadores dos centros e de acordo co disposto nos artigos 95 e 96 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia.
  - c. Resolver calquera outra cuestión establecida na normativa elaborada polo Consello de Goberno.
2. As obrigas docentes do profesorado computarán anualmente.
3. O Consello de Departamento planificará as actividades docentes do profesorado visitante e emérito, segundo o artigo 54 *b)* da LOU e as normas reguladoras do nomeamento de profesorado emérito e honorario da UDC, aprobado polo Consello de Goberno o 31 de maio de 2017 ou normas que os substitúan.

## TÍTULO V. DA ACTIVIDADE INVESTIGADORA

### Artigo 29. Principios xerais

1. O departamento asume como un dos seus obxectivos esenciais a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación (I+D+i) como fundamento da docencia, medio para o progreso da comunidade e soporte da transferencia tecnolóxica (TT) á sociedade do coñecemento. E para tal efecto promoverá no marco das súas competencias o desenvolvemento da I+D+i, así como a formación dos/as seus/súas investigadores/as nestes ámbitos e a transferencia dos produtos de I+D+i.
2. A investigación e as accións de desenvolvemento tecnolóxico e a innovación son un dereito e un deber do persoal investigador do departamento. Recoñécese e garántese, no ámbito do departamento, a liberdade de I+D+i e TT, individual e colectiva.
3. O departamento garantirá que todos os fondos bibliográficos e infraestruturas para a investigación estean a disposición de todo o PDI do departamento.
4. O departamento apoiará programas de I+D+i e TT, onde se recollerán as liñas de investigación, os proxectos e mais os recursos de persoal e material necesarios.
5. O departamento poderá organizar seminarios, talleres, conferencias, cursos ou congresos durante o curso académico, e corresponderalle ao Consello de Departamento aprobar esta programación, así como o seu orzamento.
6. Os profesores que desexen organizar ou dispensar cursos, congresos, talleres, conferencias ou seminarios, sen cargo ao orzamento do departamento, comunicaranllo previamente ao departamento por escrito.
7. Todos os membros do departamento facilitarán, de cara a elaboración da produción científica do departamento, á administración do departamento os datos relativos ás súas liñas de investigación, actualización do seu currículo científico e académico e as axudas recibidas para o desenvolvemento de proxectos de investigación, a adquisición de equipos, contrato de persoal etc.

## TÍTULO VI. DO RÉXIME ECONÓMICO E FINANCEIRO



### Artigo 30. Recursos económicos

1. Para a realización das actividades docentes e investigadoras o Departamento de Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información dispón:
  - a. Dos bens, equipos e instalacións que, previamente inventariados, a Universidade da Coruña lle destine.
  - b. Dos recursos que nos orzamentos da Universidade da Coruña se lle asignen.
  - c. Calquera outro recurso que puidese serlle atribuído.
2. Corresponde aos órganos de goberno do departamento velar polo mantemento e renovación dos recursos adscritos a este. Da súa conservación directa son responsables todos os membros adscritos ao departamento, e será supervisada pola dirección do departamento.

### Artigo 31. Competencias en materia económica

1. O Consello de Departamento adoptará anualmente os criterios para a asignación dos recursos do departamento que serán destinados ao funcionamento deste e á atención das tarefas docentes e investigadoras das áreas de coñecemento que o integran.
2. Corresponde á dirección do departamento:
  - a. Elaborar e presentar anualmente ao Consello de Departamento, para o seu debate e, se for o caso, aprobación, unha estimación dos ingresos e gastos do departamento no seu conxunto coa distribución o máis pormenorizada posible dos capítulos e unidades de gasto previstos para o exercicio económico seguinte.
  - b. Elaborar e presentar anualmente ao Consello de Departamento, para o seu debate e, se for o caso, aprobación, unha conta xeral dos ingresos e gastos do departamento no seu conxunto, distinguindo capítulos, conceptos e, no que sexa posible, unidades de gasto unha vez rematado cada exercicio económico.

## TÍTULO VII. DA REFORMA DO REGULAMENTO

### Artigo 32. Iniciativa de reforma do regulamento

Poderán propor a reforma do presente regulamento un terzo dos membros do Consello de Departamento. A proposta de modificación presentarase mediante un escrito motivado dirixido ao/á director/a.

### Artigo 33. Tramitación de reforma do regulamento

O texto da proposta de reforma será enviado polo/a director/a aos membros do Consello, que disporán de quince días para presentaren emendas. Transcorrido este prazo, convocarase unha sesión ordinaria do Consello para aprobar ou rexeitar a reforma proposta. Á convocatoria xuntaranse as emendas presentadas, que serán sometidas a debate e votación.

### Artigo 34. Aprobación da proposta de modificación do regulamento

Para a modificación do regulamento requírirase a súa aprobación por maioría absoluta do total dos membros do Consello e a súa posterior aprobación polo Consello de Goberno da Universidade.



## DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

### ÚNICA. Período de adaptación da Comisión Permanente e comisións de traballo

A Comisión Permanente, así como o resto de comisións existentes no departamento á entrada en vigor do presente regulamento extinguiranse no prazo máximo dun mes, período en que deberá conformarse e constituírse a nova comisión permanente e demais comisións de conformidade co disposto neste regulamento no dito prazo.

## DISPOSICIÓNS FINAIS

### PRIMEIRA. Derrogatoria

Queda derogado o anterior regulamento interno do Departamento.

### SEGUNDA. Entrada en vigor

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade da Coruña, segundo o previsto na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia.